

## NOVOS ACHADOS PALEOLÍTICOS NO INTERIOR DE GALICIA. A DEPRESIÓN DE MONFORTE DE LEMOS E AS SÚAS INDUS- TRIAS LÍTICAS

Por <sup>1</sup>FÁBREGAS VALCARCE, R. <sup>a</sup>; LAZUÉN, T. <sup>d</sup>; DE LOMBERA, A. <sup>a,b</sup>;  
PEÑA ALONSO, J.A.; PÉREZ ALBERTI, A. <sup>c</sup>; RODRÍGUEZ, X.P. <sup>B</sup>;  
RODRÍGUEZ RELLÁN, C. <sup>a</sup> e TERRADILLOS, M. <sup>e</sup>.

**Abstract:** This paper deals with new paleolithic sites in a previously unknown region in NW Iberia, the Depresión de Monforte, filled with quaternary deposits that have yielded a great number of archaeological sites. Most of the artefacts come from a private collection. Due to this discovery an archaeological work was carried out, assessing the archaeological potential of this area. In the basin of Monforte we have recognized a continuous settlement along the Middle and Upper Pleistocene, thus becoming the only place in NW Iberia where settlement and environmental evolution can be studied during the whole Pleistocene.

**Keywords:** Pleistocene, NW Iberia, Acheulian, Mousterian, Lithic industries.

### INTRODUCCIÓN E CONTEXTO DA INVESTIGACIÓN

O obxecto deste traballo é a posta en valor do material descuberto e doado para o seu estudo por Jose Antonio Peña Alonso na Depresión de Monforte de Lemos, xunto co material recuperado ó longo das prospeccións levadas a cabo na primavera de 2006, enmarcadas no proxecto de investigación «*Ocupacións humanas durante o Pleistoceno na cunca media do Miño*». Estes achados poñen en evidencia a existencia de poboamento antigo nunha zona inédita na investigación paleolítica galega.

---

<sup>1</sup> <sup>a)</sup> Departamento de Historia I, Universidade de Santiago de Compostela. <sup>b)</sup> Institut Catalá de Paleoecologia Humana i Evolució Social. Universitat Rovira i Virgili. <sup>c)</sup> Departamento de Xeografía, Universidade de Santiago de Compostela. <sup>d)</sup> Dpto. de Ciencias Históricas, Universidad de Cantabria. <sup>e)</sup> Dpto. de Ciencias Históricas y Geografía, Universidad de Burgos.

A investigación do paleolítico inferior e medio en Galicia esta moi vencellada á cunca do río Miño e os seus afluentes, e pódese articular en dous focos principais. A rexión con máis estudos e tradición é o Baixo Miño. Dende comezos do século XX vense descubrindo numerosas estacións paleolíticas a maioría delas ó aire libre. No Baixo Miño destaca o xacemento de As Gándaras de Budiño xunto coas numerosas estacións da costa entre A Guardia e Baiona, e o xacemento de O Chan do Cereixo. Un dos últimos traballos na zona foi o estudo das formacións fluviais do baixo Miño onde foron identificados ata oito niveis de terrazas fluviais, as máis altas (T8 e T7) con industrias adscritas ó Pleistoceno inferior.

O segundo foco da investigación céntrase nos arredores da cidade de Ourense, destacando os xacementos de A Chaira, Pazos e A Piteira, e as bacías dos ríos Arenteiro, Arnoia e Barbaña, aínda que tamén tense documentados numerosos achados no resto da provincia. Un terceiro foco da investigación, anque moi pouco desenrolado, é a parte oriental galega (zona caliza) onde foron excavados dous xacementos en cavidades: a Cova da Valiña e Cova Eirós, situados entorno a finais do Paleolítico medio e inicios do Paleolítico superior. Esta zona ofrece unha grande potencialidade á hora de estudar xacementos en covas que conserven restos de fauna que permitan reconstruír con fiabilidade o paleoambiente e as estratexias de subsistencia das comunidades paleolíticas.

Xa que logo, os numerosos xacementos da cunca do río Miño poñen en evidencia un poboamento paleolítico dende ó Pleistoceno inferior ata o Holoceno. Pero poucos deles foron estudados dende unha perspectiva científica e sistemática, tratándose de investigacións puntuais, ailladas e restrinxidas a un momento concreto do paleolítico, o que non permite apreciar dunha maneira homoxénea e uniforme a evolución do poboamento paleolítico no Noroeste. Neste sentido, a descuberta por parte de Jose Antonio Peña de numerosas industrias en superficie na Depresión de Monforte de Lemos, ademais de botar luz nunha zona inédita na investigación, permiten abordar por primeira vez un posible poboamento continuado durante o Pleistoceno nesa concreta área xeográfica.

Os traballos arqueolóxicos desenrolados na Depresión de Monforte de Lemos enmárcanse dentro do proxecto de investigación «*Ocupacións humanas durante o Pleistoceno da cunca Media do Miño*», levado a cabo pola Universidade de Santiago de Compostela e a Universitat Rovira i Virgili (Tarragona) co fin de estudar o primeiro poboamento paleolítico e a súa evolución no interior de Galicia, que podería remontar ata o Pleistoceno Inferior. Dito proxecto abordase dende unha perspectiva interdisciplinar e diacrónica que permita coñecer a evolución dos patróns de ocupación e adaptación tecnolóxica das comunidades paleolíticas na cunca media do Miño e a súa vinculación cos cambios e condicións paleoambientais durante o Pleistoceno. O seu ámbito xeográfico non queda restrinxido só a dita depresión, senón que tamén abrangue os terreos calizos da Galicia oriental. Neste senso, o proxecto artículase en tres grandes liñas de investigación:

- Estudo dos patróns de asentamento dende un punto de vista sincrónico e diacrónico no Pleistoceno do interior de Galicia.
- Reconstrucción paleoambiental e paleo xeográfica para a caracterización do medio e a súa relación coa evolución dos patróns de asentamento e tecnolóxicos desas comunidades.
- Paleoeconomía: Estudio do aproveitamento das materias primas bióticas e abióticas por parte destas comunidades e a súa adaptación ós cambios climáticos. Dadas as características dos solos e o rexistro arqueolóxico do noroeste, esta liña centrarase na caracterización e estudio da evolución tecnolóxica, aínda que as análises palinolóxicas e o estudio da rexión caleriza da Galicia oriental, onde se conserva o rexistro faunístico e orgánico, pode proporcionar excelentes datos sobre a fauna e paleoambiente, complementando a información que as estacións ó aire libre poden proporcionar.

## **SITUACIÓN E CONTEXTO XEOLÓXICO**

A Depresión de Monforte é unha das principais cuncas sedimentarias do interior de Galicia con varios niveis de aportes terciarios e pleistocenos identificados nas súas vertentes. A depresión tectónica de Monforte exténdese entre dúas áreas de maior altitude, a Superficie de Chantada, en torno aos 600 m, e na súa parte oriental O Courel. A súa dinámica e formación son moi similares ás identificadas nas Depresións de Maceda e Quiroga. Ten unha orixe tectónica xerada polo afundimento e levantamento de bloques colindantes seguindo a rede de fallas existentes dende a oroxenia hercínica cunha dirección principal NE-SO e ONO-ESE. En realidade, trátase de dúas subcuncas terciarias separadas por un afloramento transversal de materiais máis antigos (Serra do Moncai, Serra de Cubas). Estes afloramentos dividen a cunca nun sector nororiental (depresión de Bóveda-Brollón, coñecida como «Somoza Maior de Lemos»), e o sector suroccidental, que é a Depresión de Monforte en sentido estricto. Dita depresión ocupa case que a totalidade da extensión do Concello de Monforte e os seus límites cos concellos de O Saviñao, Pantón, Sober, Pobra do Brollón e Bóveda. Esta formación foi colmatada de aportes terciarios, principalmente arxilas pardas e verdes que se distribúen en estratos horizontais sobre toda a extensión (orixe lacustre). Tras unha fase de neotectónica e a reorganización dos cursos hidrográficos sobre o substrato terciario depositáronse os sedimentos pleistocenos formados principalmente por niveis aluviais de cantos rolados cunha potencia de tres a cinco metros, formando unha fina película nas súas vertentes. Posteriormente fenómenos de neotectónica provocaron o levantamento e basculación de parte dos recheos dando lugar a varios chaos, correspondentes ás diferentes camadas

de glacis e niveis aluviais<sup>2</sup>. O fondo do val, formado polo río Cabe, apenas supera os 300 m.s.n.m.

Os presentes traballos de prospección centráronse nas terras do Concello de Monforte de Lemos. A prospección intensiva realizouse nos chans situados ó norte do concello, nas parroquias de Chao de Fabeiro, Ribasaltas e Baamorto. Nesta parte as vertentes descenden dende cotas de 500- 600 m (Monte San Cristobo, Serra de Cubas) ata os 300 m do fondo do val. É neste lugar onde os depósitos aluviais teñen un maior desenrolo en extensión e semellan estar mellor conservados.

A modo descritivo xeral, caracterízanse por presentar un nivel de cantos rolados e subredondeados matriz-soportados de mediano e gran tamaño (15-25 cm de lonxitude), asentado directamente sobre as arxilas e margas terciarias da Depresión de Monforte, e intercalado con outros niveis de cantos e gravas, soportados nunha matriz de arxilas, areas e gravas. A súa litoloxía é moi similar (formada por cuarcitas, seixos, e algunha pizarra) aínda que aprécianse lixeiras diferencias en torno á porcentaxe de representación dos diferentes materiais. A teor da homoxeneidade dos materiais e litoloxía e o elevado nivel de alteración destes, cun alto grao de rubefacción e forte presenza de costras e óxidos, os diferentes cortes estudados semellan ser moi parecidos e formados en momentos antigos do Pleistoceno. Isto corroboraría a antigüidade dos depósitos cuaternarios da Depresión de Monforte e a posibilidade dun asentamento dende, ó menos, o Pleistoceno Medio inicial.

## OS XACEMENTOS DE A DEPRESIÓN DE MONFORTE DE LEMOS

O total do material estudado ascende a 386 úteis líticos recuperados nunha vintena de puntos espallados pola Depresión de Monforte, o que pon de manifesto a existencia dun importante poboamento paleolítico nesta comarca. A parte máis estudada e, polo tanto, con maior número de achados, correspóndese co sector norte, nas parroquias de Chao de Fabeiro, Ribasaltas e Baamorto. Os xacementos atópanse nos numerosos chaos e vertentes da Depresión, asociados ós niveis de cantos dos glacis e abanicos aluviais que se espallan por tódala cunca. Gran parte dos xacementos correspóndese con achados aillados de un ou dous artefactos, anque destacan varias áreas con concentracións importantes de materiais aínda que algunhas delas non continuas (Táboa 1, Lámina 1). O máis salientable deles é o lugar de As Lamas onde foron recuperados 230 obxectos. Tódolos artefactos foron recollidos en superficie agás unha lasca atopada en posición estratigráfica no lugar de O Regueiral.

---

<sup>1</sup> IGME (1974). Mapa Geolóxico de España, Chantada (155, 7-9).

Os obxectos foron analizados seguindo o Sistema Lóxico Analítico. Este método ten un claro enfoque tecnolóxico e baséase no estudio dos artefactos seguindo o esquema da cadea operativa. Cada obxecto é adscrito a unha categoría estrutural que o sitúa nun momento preciso do proceso técnico, o que permite reconstruí-las cadeas operativas presentes no xacemento. Deste xeito, o ser humano no proceso de talla fai interactuar dous cantos naturais (Bases Naturais, Bn). Como consecuencia desa interacción se xeneran dous ou máis obxectos. O canto usado como matriz conservará os negativos froito das extraccións (Base Negativa de Primeira Xeración, BN1X), mentres que as extraccións, constitúen as Bases Positivas (BP). O proceso pode continuar reducindo a matriz inicial, pero pode comezar un segundo momento onde a matriz utilizada para a redución non sexa o canto inicial, senón un dos seus produtos, unha BP. Ésta, unha vez tallada, presentará novos negativos o que a convirte nunha Base Negativa de Segunda Xeración (BN2X), mentres que as novas extraccións serán unhas Bases Positivas de Segunda Xeración (BP2X). O proceso podería continuar intervindo sobre a BP2X dando lugar a unha BN3X e BP3X sucesivamente. Cando a redución das bases ten como obxectivo a obtención de produtos (BP), chámanse Bases Negativas de Explotación, xa sexan matrices de primeira o segunda xeración (BN1XE ou BN2XE). Cando o obxectivo é a configuración dunha morfoloxía ou gume activo, denomínanse Bases Negativas de Configuración (BN1XC ou BN2XC). Os morfotipos das BN2XC son identificados seguindo os grupos tipolóxicos de G. Laplace.

### **As Lamas**

O lugar de As Lamas correspóndese cunha ampla superficie chá comprendida entre o campo de fútbol e o Campo de Aviación, onde se documentaron dúas dispersións cunha importante concentración de materiais; a máis importante preto da nave do campo de fútbol e a outra nas terreiras do Vertedeiro. Temos que destacar que posiblemente a parte superficial destas parcelas proveña da remoción de terras feita para os alicerces da nave e da remoción do vertedeiro, o que podería indicar que parte destas industrias atópanse enterradas en posible contexto estratigráfico. Neste sentido sería importante a revisión arqueolóxica dos traballos de remoción de terras para evitar a posible destrución de novos xacementos paleolíticos.

A colección do xacemento de As Lamas componse dun total de 230 pezas líticas, das cales 208 proceden dos achados casuais realizados por Jose Antonio Peña, e 22 dos traballos de prospección levados a cabo. Unha das características máis significativas da serie lítica é o grado de rodamento dos artefactos. Aproximadamente o 60% deles presenta un importante grado de rodamento (alto ou moi alto), mentres que só o 14% posúen arestas vivas. A práctica totalidade dos materiais foron tallados en cuarcita (97,8%). A calidade de esta materia prima é media/baixa, cun predominio do grano medio/groso e fisuras internas.

Con respecto ás categorías estruturais (Táboa 3), as máis representadas son as relacionadas coa configuración (BN1XC e BN2XC), seguidas, con porcentaxes menos representativas, polas BN1XE (19,5%). Proporcionalmente a categoría menos representada son as BP (15,2%), cuestión que estaría relacionada con dous factores: a existencia de desequilibrios porcentuais entre as diferentes categorías debido ós efectos postdeposicionais e que o 94% dos artefactos que compoñen a colección non son o resultado de traballos sistemáticos de prospección e recollida de materiais, senón que proceden de achados casuais, o que poderían explica-lo predominio dos artefactos máis grandes e característicos.

Con respecto ós núcleos (BN1XE), predominan as estratexias bifacias (51%) sobre as unificiais (15,5%) e multifaciais (2,2%). O 71,4% das BN1XE unificiais atópanse nun estadio inicial de explotación, de modo que proporcionarían principalmente produtos corticais. En relación á dirección das extraccións existe unha grande diversidade (unipolares, bipolares, ortogonais e centrípetos). Respecto ós núcleos bifaciais, atópanse en porcentaxes significativos nas fases iniciais de explotación (56,5%), en ningún caso se documenta unha xerarquización dos hemisferios. Soamente identificouse unha BN1XE cunha estratexia de explotación característica: un núcleo discoide sobre seixo. Por último, contamos cunha BN1XE de cuarcita multifacial ortogonal nunha fase intermedia de explotación.

Entre os configurados sobre cantos da colección das Lamas (BN1XC) hai un total de 10 pezas unificiais, entre as que destacan 1 chopper, 3 denticulados e un triedro; e 49 bifaciais entre as que se atopan sete bifaces, 12 triedros, 3 raspadeiras, un fendedor e 3 chopping-tools. Estes morfotipos caracterízanse polo seu grande formato e peso, así como, por uns gumes activos algo sinuosos nos que escasean os retoques de regularización ou reutilización.

Con respecto ás BP, a grande maioría non presenta córtex ou éste é moi reducido (82,8%), polo que se corresponden con fases intermedias ou avanzadas da explotación. Sen embargo, e como xa advertimos anteriormente, as características da recollida dos materiais fan moi difícil a correlación entre estes produtos e os núcleos recuperados.

Nos configurados sobre lasca (BN2XC) o retoque característico é o bifacial (75% continuo, 6,8% denticulado e 17% non continuo) e morfopotencialmente, documéntanse 20 gumes diedros, entre os que destacan 1 fendedor, 2 raspadeiras, un denticulado, un chopping-tool, e un bifaz. Cóntase ademais con pezas xerarquizadas por triedros ou que presentan unha asociación triedro-diedro (9 pezas). Dadas as características da colección non é posible determinar con seguridade si se produciu unha selección do formato dos soportes para ser configurados como útiles. Con todo, os datos dispoñibles parecen evidenciar que este tipo de selección non se produciu porque as dimensións medias das BP e BN2XC son moi semellantes (85,3x84,9x30 e 82x74,1x30 mm, respectivamente). Con respecto ós núcleos sobre lasca (BN2XE) dous deles son unificiais (un bipolar ortogonal e un multipolar) nun estadio inicial de explotación; e catro bifacias (3 centrípetas e unha lonxitudinal)

Tendo en conta as características tecnopolóxicas da serie lítica deste xacemento: presenza de grandes configurados (especialmente bifaces, fendedores e triedros), abundancia da talla bifacial, predominio de estratexias de explotación centrípetas e ortogonais, predominio de obxectos de grande formato e a escasez de BN2XC de pequeno formato, podemos concluir unha adscripción ó Modo 2 (Lámina IV e V).

### **O Chao de Fabeiro**

O Chao de Fabeiro é unha ampla superficie situada a uns 90-100 m sobre o leito do río Cabe. Os obxectos líticos recuperados correspóndese con varios achados aillados e dispersións de materiais ó longo da parroquia do Chao de Fabeiro, nos lugares de Porto de Lobos, Catrocamiños e Chao de Fabeiro. En total recuperáronse 25 obxectos de medio e grande formato (máis de 10 cm de lonxitude) en cuarcita, salvo un núcleo sobre lasca en seixo. Tanto polo tipo de materia prima, como polo rodamento e características técnicas, o conxunto do material presenta unha grande homoxeneidade (Lámina III). Predominan os grandes obxectos configurados (BN1XC e BN2XC) como *Choppers*, *Chopping-tools*, bifaces, picos e un triedro. Comparativamente con outros puntos, a presenza de bifaces (2 exemplares) e os pequenos instrumentos sobre lasca (BN2XC) (raspadeiras e denticulados) é moi escasa. Os núcleos recuperados (cinco BN1XE e BN2XE) mostran unhas estratexias de explotacións simples (unipolares lonxitudinais), ortogonais e centrípetas (3 exemplares). Pola presenza de grandes úteis configurados (bifaces e triedros) semella que este conxunto pode ser adscrito ás industrias de Modo 2 ou Achelense, aínda que en comparación con outras estacións de Monforte, a maior presenza de cantos traballados, o seu maior formato e o menor número de bifaces e de pequenos instrumentos sobre lasca parecen indicar un carácter menos evolucionado ou antigo destas industrias.

### **O Regueiral**

O lugar de O Regueiral atópase no cruce da estrada que une Monforte de Lemos e Sarria (LU-546), coa que parte cara o lugar de Catrocamiños. Recuperáronse 21 pezas caídas polo desmante das cunetas de dita estrada. O lugar de O Regueiral é importante xa que é o único sitio onde se atopou industria en posición estratigráfica durante os traballos de prospección, unha Base Positiva nunha camada de pedras e cantos. O pé de dito corte apareceron tres pezas máis, entre elas un pico. Contra este corte, a escasos metros ó outro lado da estrada, apareceron outras máis nun desmante do perfil, aínda que non se puido precisar con exactitude a súa posición orixinal. O corte estratigráfico representa moi ben as características das formacións aluviais que se asentán sobre as arxilas terciarias da cunca de Monforte de Lemos (Lámina II). A descrición de dito corte de muro a teito é a seguinte:

- I. Capa margosa do substrato de base terciario.
- II. Capa con cantos rodados que oscilan entre 18/22 cm e 12/15 cm, clastosportados e matriz limo-arxilosa. A litoloxía dominante é a cuarcita, seguida, en menor cantidade, polo seixo. Os materiais, especialmente as cuarcitas, mostran un alto nivel de rubefacción pero escasa presenza de costras oxidantes o que pode indicar unhas condicións de humidade e altas temperaturas na súa formación. Potencia: 43 cm.
- III. Capa con gravas e areas compactadas, que se perde lateralmente. Potencia: 43 cm.
- IV. Capa de cantos entre 5/10 cm con matriz arxilosa, lixeiramente máis angulosos. Esta camada de carácter aluvial é relativamente continua, anque no perfil aprécianse cuñas arxilosas que o cortan. A disposición e orientación dos cantos non é homoxénea. Na base do nivel aparece unha Base Positiva de cuarcita. Potencia: 17 cm.
- V. Capa de areas bastante cementadas, horizontal pero discontinua, alterada por cuñas arxilosas do nivel superior. Potencia: 8/14 cm.
- VI. Capa de arxilas, gravas e cantos. Os cantos oscilan entre 12/14 cm e 5/7 cm. En xeral, os cantos aparecen pouco organizados, de forma caótica. O grao de rodamento tampouco é homoxéneo, con presenza de cantos subredondeados e angulosos. Os materiais están fortemente alterados cun alto grao de rubefacción e presenza de costras de óxidos. Posiblemente se trate de material retraballado procedente do desmantelamento de depósitos superiores. En comparación co nivel de base parece terse formado en condicións máis áridas e secas. A teito deste nivel, e do corte, aparece a terra vexetal actual/subactual, moi afectada polas raíces, froito da posterior edafización do perfil. Potencia: 83 cm.

En xeral a industria atópase pouco rodada aínda que as pezas de maior formato mostran un maior grao de rodamento, o que podería indicar a presenza de dous conxuntos líticos misturados. A industria está feita na súa totalidade en cuarcita cun gran predominio dos obxectos de pequeno e mediado formato (81%). Neste lugar os produtos de talla (BP e BN2X) acadan unha maior importancia en detrimento dos configurados sobre canto (BN1XC), conformados por dous *Chopping-tool* e un pico (Lámina VI). Cabe destacar a presenza de dúas Bases de Explotación discoidais xunto con outra centrípeta, atestiguada tamén pola presenza de BP centrípetas, o que indica o emprego máis xeneralizado destes métodos de talla máis complexos con respecto a outras localizacións.

Ante a ausencia de grandes instrumentos configurados (bifaces, fendedores, triedros), a maior importancia das BN2XC de pequeno formato (raspadeiras e denticulados), a presenza do método discoidal, e o menor formato das industrias con respecto a outras dispersións, poderíamos indicar unha atribución de este



conxunto ó Modo 3, mostrándose como unha das escasas evidencias do Paleolítico medio en Galicia, especialmente no seu interior.

### **As Gándaras**

As Gándaras corresponde a unha ampla superficie chá inmediatamente inferior ó lugar de As Lamas e máis próxima ó casco urbán. Atopáronse 14 pezas de cuarcita de mediano e gran formato cun rodamento homoxéneo, aínda que esta materia prima amosa un menor grao de alteración que noutros lugares. No conxunto destaca a presenza de configurados de gran formato sobre lasca e canto (3 bifaces, 1 *Chopping-tool*, 1 triedro e un fendedor) coa presenza de raspadeiras e un denticulado de mediano formato. As BN1XE e BN2XE mostran estratexias de explotación centrípetas e ortogonais.

O conxunto é moi semellante ó recuperado nas Lamas, aínda que neste lugar a cuarcita amosa menos alteracións e predominan os grandes configurados sobre lasca (BN2XC) sobre os configurados sobre canto (BN1XC) (Táboa 2). Polo tanto este conxunto tamén pode ser adscrito ó Modo 2 ou tecnocomplexo Achelense.

### **Bóveda**

O xacemento de Bóveda sitúase na área recreativa da estrada LU 546 chegando ao lugar do mesmo nome. A diferenza dos outros xacementos, atópase no sector nororiental da Depresión de Lemos, coñecida como «Somoza Maior de Lemos». Debido a prantación dos árbores de dita área recreativa varios artefactos foron removidos e levados á superficie. No lugar recuperáronse 9 artefactos de cuarcita. A cuarcita está moi pouco alterada e rodada o que podería indicar que os obxectos permanecen *in situ* ou foran moi pouco desprazados do seu lugar de abandono orixinal. Predominan os obxectos de mediano e gran formato e as BN2XC, con presenza de grandes configurados como bifaces e triedros. Os núcleos (BN1XE) correspóndense coa mesma dinámica identificada noutros lugares: estratexias centrípetas e ortogonais.

Tendo en conta o grande formato dos instrumentos e a inexistencia de estratexias de explotación complexas e predeterminadas, xunto á presenza de grandes configurados, o conxunto de Bóveda semella segui-la mesma dinámica que ós demais xacementos da cunca e podería ser adscrito o Modo 2 ou Achelense.

### **A Vide/ O Casar**

Ó oeste do centro urbán de Monforte de Lemos, no centro da cunca, atopáronse diversos artefactos a carón da estrada que une os lugares de O Casar e A Vide. Nesta ampla área foron recuperados 24 obxectos líticos, catro deles en seixo. O lugar de maior concentración atópase en O Casar, onde un dos abanos aluviais foi

desmantelado pola construción dunha nova estrada. Os obxectos líticos recuperados entre os escombros e as terras de labor adxacentes, son de mediano e grande formato e destaca a importante representación das BN1XE no conxunto (58,3%). A abundancia de núcleos tamén amosa unha grande variabilidade de estratexias de explotación co predominio das centrípetas sobre as ortogonais e as lonxitudinais, multifaciais e cónicas. Pola contra, a presenza de configurados é moito menor: tan só un *chopper*, un bifaz, unha raspadeira e un perforador. Polas características dos artefactos e a ausencia de estratexias de explotación complexas (Levallois, discoidal), este conxunto tamén podería ser adscrito ó Modo 2.

### **Gullade**

O lugar de Gullade atópase na vertente sur da Depresión de Monforte, a dous quilómetros ó sur da estrada que vai para Castro Caldelas. Esta área non foi aínda prospectada de xeito intensivo, pero a existencia de este xacemento poderíanos indicar a presenza dunha ocupación ó sur da Depresión ó menos tan intensa coma no sector norte. Recuperáronse 12 artefactos en cuarcita e seixo (33%), pero o máis salientable deste xacemento é a maior importancia dos soportes de tipo lasca, tanto na configuración coma na explotación (BN2XC e BN2XE; Táboa 2). Nas súas características morfolóxicas os artefactos son moi semellantes ós demais xacementos, coa presenza de estratexias de redución centrípetas e ortogonais; grandes configurados (un bifaz e un triedro) e algunha BN2XC de pequeno formato (denticulado e raspador). Por iso, o conxunto pode ser adscrito tamén ós tecnocomplexos do Modo 2.

### **Outros xacementos**

Ademáis dos xacementos citados, ó longo da Depresión de Monforte outros puntos arqueolóxicos con achados aillados ou pequenas concentracións de artefactos foron detectados (18 puntos). A maioría deles concéntranse nos arredores dos xacementos principais pero tamén aparecen no sector centro-occidental da cunca, nas vertentes do Montepando, Monte Chao, Chao Vilar, Veiga de Ranverde, Sambade, Baamorto, A Chacina, etc. Os artefactos e o contexto xeolóxico seguen a mesma dinámica que os demais xacementos da cunca, pero algúns deles presentan algunhas diferencias (presencia de sílex, obxectos de tendencia laminar). Dado o contexto aillado e descoñecido e a escasa representatividade das pezas, non poden tirar conclusións notables sobre esas diferencias, á falla de prospeccións e estudos máis pormenorizados destes achados.

## DISCUSIÓN E CONTEXTO REXIONAL DOS ACHADOS

O grande número de xacementos e artefactos identificados na Depresión de Monforte de Lemos a releva como unha das zonas máis importantes do Paleolítico inferior e medio no interior de Galicia. A pesar da grande información cuantitativa pouco caudal informativo podemos atinxir destes achados. En primeiro lugar, tódolos xacementos ou dispersións atópanse en superficie, perdendo así a información en canto a posición estratigráfica dos artefactos e incluso a relación entre os diferentes xacementos e a posibilidade de datalos. Neste senso, o xacemento de O Regueiral, con industria en estratigrafía, é o único que ata a data podería aportar máis información. Ademais unha grande porcentaxe dos obxectos mostra un alto grao de rodamento (73,6%), o que indicaría que a súa posición non estaría *in situ*, senón que procederían dun lugar máis ou menos próximo ó do achado. Esta situación, inferida do contexto xeolóxico e o rodamento dos materiais, é moi común nos xacementos ó aire libre en Galicia.

En segundo lugar, a propia orixe do conxunto estudado. O grosor dos materiais proveñen da colección doada por Jose Antonio Peña. A propia natureza das coleccións líticas fai que a representatividade de artefactos e tipos dependa directamente do criterio do recolector (normalmente estético ou tipolóxico) e da súa capacidade na identificación dos obxectos tallados. Por iso as coleccións que non son froito dun traballo sistemático constan daqueles morfotipos máis espectaculares ou fermosos (normalmente bifaces), sendo sempre unha mostra moi selectiva e pouco representativa dos xacementos reais (vg: VÁZQUEZ VARELA, 1973; VIDAL ENCINAS 1983). Isto podería explica-la maior presenza dos configurados (BN1XC e BN2XC) sobre ós núcleos e produtos de talla no conxunto (BN1XE e BN2XE; Táboa 2). No mesmo senso, nas materias primas tamén prodúcese unha selección xa que os obxectos en cuarcita son moito máis doados de identificar que os seixos, que só representa un 3,4% dos artefactos. Xunto coa subxectividade destas coleccións, as alteracións postdeposicionais tamén afectan á representatividade da mostra. Varios traballos experimentais sobre os xacementos en superficie mostran que os traballos agrícolas afectan tanto á dispersión e relación horizontal dos obxectos, coma á súa relación vertical. Os traballos do arado nas terras de cultivo fan que os materiais máis pequenos percolen entre as fendas feitas na terra, polo que as pezas que saen á superficie son as de maior tamaño, normalmente as BN1XC e BN1XE de gran formato. Isto é coherente co gran formato dos obxectos recuperados (cunha media de 95x81x39mm); a escasez de obxectos de pequeno formato; a similitude do formato entre as BN1X e as BN2X e a maior representación das BN1X con respecto ás BN2X e BP na colección (Táboa 2).

Tendo en conta estes aspectos debemos chamar a atención cara a grande homoxeneidade e coherencia do conxunto lítico. Como vimos, os artefactos da colección presentan unha grande uniformidade no seu grao de rodamento, alteracións e características morfotécnicas o que, a falta de estudos máis

profundos, podería indicar unha mesma orixe dos artefactos de cada dispersión, agás no lugar de O Regueiral. Do mesmo xeito os materiais recuperados nos traballos sistemáticos de prospección son moi coherentes cos da colección o que reforza ese carácter único e representatividade das dispersións. Dentro da subxectividade na nosa mostra temos que facer constar a grande variedade de obxectos líticos que, a diferenza doutras coleccións, non está restrinxida a grandes obxectos configurados senón que tamén conta cun grande número de núcleos, produtos de talla (BP) e configurados de pequeno formato, amosando diferentes momentos das cadeas operativas. Por todo iso podemos concluír que o material estudado pode ser bastante representativo á hora de articular-lo poboamento paleolítico na Depresión de Monforte, pero non á hora de establecer reconstrucións tecnolóxicas das cadeas operativas, ou a funcionalidade dos xacementos. O escaso número de artefactos recuperados nalgúns xacementos fai que as consideracións e adscricións teñan un carácter preliminar e non concluínte, á espera de estudos de campo máis profundos.

Os métodos de explotación son bastante uniformes en tódolos xacementos, co predominio das estratexias centrípetas (45%) e ortogonais (20%) sobre as máis expeditivas e sinxelas (lonxitudinais, multifaciais, cónicas). A explotación baséase na redución bifacial e periférica das matrices mantendo unha cara preferencial de lascado ou de maior complexidade (centrípeto, ortogonal). Os núcleos atópanse nunha fase inicial ou media de explotación sendo moi poucos os exhaustos, o que fai que presenten restos corticais nunha ou dúas caras. En ningún xacemento foron identificados núcleos con caracteres de xerarquización ou predeterminación na súa redución (propios do método Levallois), pero en O Regueiral a explotación presenta unha maior complexidade na redución, con certa predeterminación dos produtos (método discoidal) o que amosa o seu carácter máis evolucionado con respecto aos outros xacementos.

A configuración mostra unha maior variabilidade, aínda que se basea nos instrumentos de gran formato como bifaces, triedros, *choppers* e *chopping-tools*, fendedores e picos (Táboa 4). Os soportes seleccionados para a súa configuración son preferiblemente cantos ou plaquetas naturais (BN1XC), mentres que as BN2XC teñen menos importancia (27,2% dos bifaces). A configuración ten un carácter periférico e parcial, deixando as bases reservadas, e poucas veces se amosa unha retalla para a regularización dos bordes. O soporte sobre lasca é preferido para os configurados de pequeno formato destacando as raspadeiras (17,8%) e denticulados (12,2%) sobre as muescas, puntas e raspadores. A presenza de pequenas BN2XC é moito máis escasa debido ás características da colección comentadas anteriormente.

Vistas as características dos obxectos líticos: grande formato, predominio de grandes configurados (bifaces, triedros, fendedores), escasez de pequenos útiles sobre lasca, importancia das estratexias de explotación centrípetas e ortogonais e ausencia de métodos xerarquizados e predeterminados (Levallois, laminar), os conxuntos líticos estudados poden ser atribuídos ós tecnocomplexos do Modo 2

Tecnolóxico, ou Achelense, co xacemento de As Lamas como exemplo paradigmático das industrias da Depresión de Monforte de Lemos. Existe unha pequena variabilidade dentro dos diferentes xacementos, ligada á maior ou menor importancia dos configurados sobre cantos (BN1XC) ou sobre lasca (BN2XC), e ó formato dos obxectos. Pero dous xacementos semellan arredarse desta dinámica e testificar outros momentos de ocupación da cunca. As industrias de Chao de Fabeiro, con máis presenza de *choppers* e *chopping-tools*, maior peso das BN1XC e ausencia de pequenas BN2XC poderían indicar un momento máis temprano de ocupación con respecto ós demais xacementos da Depresión, aínda que tamén enmarcado nos tecnocomplexos de Modo 2. O xacemento de O Regueiral semella responder a unha dinámica diferente ó resto, co predominio de BN2XC de pequeno formato e estratexias de explotación discoidais, polo que podería ser adscrito ás industrias de Modo 3, ou do Paleolítico medio.

As características morfolóxicas do conxunto da Depresión de Monforte correspóndense moi ben cos xacementos do Pleistoceno medio do interior de Galicia. Na rexión ourensana os xacementos de Pazos (San Cibrán das Viñas) e A Chaira (San Cibrán de Lás), así como outros do val do río Arnoia (Vázquez Varela, 1973) ou da provincia presentan tamén un gran número de bifaces e fendedores, así coma estratexias de redución centrípetas e discoidais. No caso de A Chaira e os xacementos ó aire libre dos vales dos ríos Arnoia (Queiroás) e Barbaña (A Veiga-Campo da Mama), as BN2X de pequeno e mediano formato predominan sobre os grandes configurados (bifaces e fendedores), que ven reducida a súa importancia. A pesares de non ter identificado estratexias de predeterminación nas BN1XE (método Levallois), os conxuntos dos ríos Arnoia e Barbaña, son adscritos ó Paleolítico medio debido á escasez de bifaces e a importancia dos obxectos de menor formato. As características destas industrias son moi similares ás das dispersións 2, 3 e 4 de As Gándaras de Budiño (Cerqueiro, 1996), e aprécianse tamén dentro da variabilidade dos diferentes xacementos da Depresión de Monforte, polo que cremos oportuno consideralas dentro do tecnocomplexo Achelense, ou Modo 2. O rexistro lítico do xacemento de A Piteira (Toén, Ourense), adscrito tradicionalmente ó musterense de tradición achelense, semella que está composto de dous conxuntos líticos removilizados e misturados, un deles cun aporte Achelense (bifaces, fendedores, triedos); e outro posterior de menor entidade, musterense, con presenza dos métodos Levallois e discoidal e predominio das BN2XC de pequeno formato, características semellantes ás do xacemento de O Regueiral. As industrias de Monforte tamén presentan algunhas similitudes con outros xacementos do Baixo Miño como é o caso das Gándaras de Budiño (Aguirre, 1964; Echaide, 1971), e Chan do Cereixo (Portavedra), como importancia dos grandes instrumentos configurados. A preferencia da configuración dos grandes instrumentos sobre cantos (BN1XC, Táboa 4), especialmente os bifaces, fai que os xacementos da Depresión de Monforte de Lemos presenten máis afinidades cos xacementos de Pazos, As Gándaras de

Budiño e Chan do Cereixo, que cos de Campo da Mama- A Veiga, A Piteira e certas dispersións de As Gándaras de Budiño.

Comparando estas industrias coas atopadas nas terrazas do río Miño certos xacementos da Depresión poderían ser encadrados nos tecnocomplexos das terrazas T4 ou T5 (Paleolítico inferior, Pleistoceno medio), similares ó de Chao de Fabeiro; mentres que a grande maioría de xacementos estaría relacionada cos tecnocomplexos da T3 (Pleistoceno medio final, Achelense pleno), con predominio dos grandes morfotipos (bifaces e fendedores), Modo 2. En troques, o xacemento de O Regueiral relacionaríase mellor coa terraza T2 (transición Pleistoceno medio-Pleistoceno superior) e os xacementos de Carragal Baixo e A Barreira, adscritos ó Paleolítico medio, ou Modo 3.

Atendendo ás características tecnolóxicas dos diferentes conxuntos líticos estudados e os datos xeoarqueolóxicos preliminares, a Depresión de Monforte podería amosar un poboamento antigo dende momentos moi recuados do Pleistoceno medio, ata ó Pleistoceno medio final e transición ó superior. Esta pervivencia a convirte nunha zona moi significativa e única dentro do Paleolítico do noroeste, xa que posibilita o estudo do poboamento paleolítico dentro duna zona e medio xeográfico concretos, e coñece-la evolución das estratexias de comportamento destas comunidades e a súa relación coa evolución do medio dende un punto de vista diacrónico. É necesaria unha maior investigación dende novas perspectivas e un punto de vista evolucionista e diacrónico, que permita articular e relacionar os diferentes xacementos coñecidos ata agora coa evolución do medio e do clima pleistoceno. Neste senso, os proxectos de investigación levados a cabo na actualidade (tanto o de Monforte de Lemos coma o de Chan do Cereixo) permitirán dar un novo pulo a investigación paleolítica galega e converxer coa dinámica peninsular e europea.

## **AGRADECEMENTOS**

Os traballos de prospección vinculados a este proxecto de investigación foron levados a cabo grazas ao apoio do Concello de Monforte de Lemos, o Centro de Formación e Experimentación Agroforestal e as persoas que colaboraron nos traballos de prospección (Alicia Ameijenda, Alberto Doport, Emilio Rodríguez, Brais Rodríguez e Montserrat Vázquez). Así mesmo, A.L. é beneficiario dunha bolsa da Fundación Caixa Galicia, C.R. é Bolseiro Predoutoral da Xunta de Galicia e M.T. é bolseiro da Fundación Atapuerca.

Lugar	Nº Colección Peña	Nº OPM-06	Total
As Lamas	208	22	230
O Regueiral	10	11	21
Chao de Fabeiro	18	7	25
As Gándaras	14		14
Bóveda	8	1	9
Gullade	12		12
A Vide/ O Casar	20	4	24
Outros	51		51
<b>Total</b>	<b>341</b>	<b>45</b>	<b>386</b>

TÁBOA 1: Número de artefactos estudados; das prospeccións arqueolóxicas (OPM-06) e da Colección de Jose Antonio Peña.

LUGAR	BN1XC	BN1XE	BN2XC	BN2XE	BP
As Lamas	65	45	69	6	35
	29,55	20,45	31,36	2,73	15,91
O Regueiral	4	2	5	1	9
	19,05	9,52	23,81	4,76	42,86
Chao de Fabeiro	8	3	7	2	4
	33,33	12,50	29,17	8,33	16,67
As Gándaras	3	2	6	1	2
	21,43	14,29	42,86	7,14	14,29
Bóveda	2	2	3		2
	22,22	22,22	33,33		22,22
Gullade		2	4	2	4
		16,67	33,33	16,67	33,33
A Vide/ O Casar	5	14	2		3
	20,83	58,33	8,33		12,5
Outros		12	14	1	13
		30	35	2,50	32,5
<b>Total</b>	<b>87</b>	<b>82</b>	<b>110</b>	<b>13</b>	<b>72</b>
	23,9	22,53	30,22	3,57	19,78

TÁBOA 2: Relación das categorías estruturais e os xacementos.

<b>Categoría</b>	<b>Cuarcita</b>	<b>Seixo</b>	<b>Total</b>
<b>BN1XC</b>	65		65
	28,26		28,26
<b>BN1XE</b>	43	2	2
	18,7	0,87	0,87
<b>BN2XC</b>	69		69
	30		30
<b>BN2XE</b>	6		6
	2,61		2,61
<b>BNC</b>	7		7
	3,04		3,04
<b>BNE</b>	3		3
	1,3		1,3
<b>BP</b>	34	1	35
	14,78	0,43	15,22
<b>Total</b>	<b>227</b>	<b>3</b>	<b>230</b>
	98,7	1,3	

**TÁBOA 3: Industria do xacemento de As Lamas.**

	<b>BN1XC</b>	<b>BN2XC</b>	<b>Total</b>
<b>Chopper</b>	5		5
	100		4,07
<b>Chopping-tool</b>	9	3	12
	75	25	9,76
<b>Bifaz</b>	16	6	22
	72,73	27,27	17,89
<b>Fendedor</b>	5		5
	100		4,07
<b>Triedro</b>	19	12	31
	61,29	38,71	25,2
<b>Pico</b>	3		3
	100		2,44
<b>Denticulado</b>	4	11	15
	26,67	73,33	12,2
<b>Muecas</b>		3	3
		100	2,44
<b>Raspadeira</b>	4	18	22
	18,18	81,82	17,89
<b>Raspador</b>		1	1
		100	0,81
<b>Puntas</b>		3	3
		100	2,44
<b>Perforador</b>		1	1
		100	0,81

**TÁBOA 4: Morfotipos e categorías estruturais dos artefactos analizados.**






LÁMINA I: Localización dos xacementos. 1: As Lamas; 2: Chao de Fabeiro; 3: O Regueiral; 4: As Gándaras; 5: Bóveda; 6: A Vide/O Casar; 7: Gullade.




LÁMINA II: Corte de O Regueiral; a: Columna estratigráfica. A frecha sinala o nivel arqueolóxico; b: Fotografías do corte e Base Positiva en estratigrafía.




LÁMINA III: Industria lítica de Chao de Fabeiro. 1: BN1XC, bifaz; 2: BN1XC, *Chopper*; 3: BN1XC, *Chopping-tool*.




LÁMINA IV: Industria lítica de As Lamas. 1: BN2XC, fendedor; 2 e 4: BN1XC, bifaz; 3: BN1XE discoide.




LÁMINA V: Industria lítica de As Lamas. 1,2 e 3: BN2XC, raspadeiras (R2); 4: BN2XC, muesca (D1); 5: BN2XC, espina (D2), do lugar de A Chacinera.




LÁMINA VI: Indústria lítica de O Regueiral. 1: BN1XE discoide; 2: BN2XC, raspadeira bifacial (RR3); 3 e 5: Bases Positivas; 4: BN2XC, denticulado (D3).

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- AGUIRRE, E. (1964): *Las Gándaras de Budiño Porríño (Pontevedra)*. Ministerio de Educación Nacional. Dirección General de Bellas Artes. Servicio Nacional de Excavaciones Arqueológicas., Madrid.
- CANO PAN, J. A. (1991a): «El Paleolítico Inferior y Medio (Arqueología)» en: *Prehistoria e Historia Antigua. Galicia-Historia*(Ed). Hércules Ediciónsl: 45-78.
- (1991b): *Las industrias líticas talladas en la costa de La Guardia a Baiona*. Diputación provincial, A Coruña.
- CANO PAN, J. A., E. AGUIRRE, F. GILES PACHECO, A. SANTIAGO PÉREZ, J. M. GUTIÉRREZ LÓPEZ, E. MATA ALMONTE, J. GRACIA PRIETO, L. AGUILERA RODRÍGUEZ y O. PRIETO REINA (1997): «Evolución del Pleistoceno en la cuenca baja del Miño, sector la Guardia-Tuy. Secuencia de los primeros poblamientos humanos y registro arqueológico» en: *Cuaternario Ibérico*. J. Rodríguez Vidal (Ed): 201-212.
- CANO PAN, J. A., F. GILES PACHECO, E. AGUIRRE, A. SANTIAGO PÉREZ, J. GRACIA PRIETO, E. MATA ALMONTE, J. M. GUTIÉRREZ LÓPEZ y O. PRIETO REINA (2000): «Middle Paleolithic Technocomplexes and Lithic Industries in the Northwest of the Iberian Peninsula» en: *Neanderthals on the Edge*. C. B. Stringer, R. N. Barton and J. Finlayson (Ed). Oxbow Books, Oxford. 49-57.
- CANO PAN, J. A. y J. M. VÁZQUEZ VARELA (1986): «Nuevas aportaciones al estudio de las industrias líticas del suroeste de Galicia: la prospección de 1984.» *Studia Zamoriensa Historica* 7: 267-304.
- CARBONELL, E., M. GUILBAUD y R. MORA (1983): «Utilización de la Lógica Analítica para el estudio de Tecno-complejos a cantos tallados» en: *Cahier noir*(Ed). C.R.P.E.S., Girona. 1: 1- 63.
- CERQUEIRO LANDÍN, D. (1996): «As Gándaras de Budiño: Prehistoria e historia.» en: *Os primeiros poboadores de Galicia; O Paleolítico*. R. Fabregas Valcarce (Ed), Sada. 47-73.
- COSTA CASAS, M., R. BLANCO CHAO y A. PÉREZ ALBERTI (1998): «Aplicaciones de la geomorfología al estudio de un yacimiento arqueológico.» *Gallaecia* 17: 9-28.
- DÍEZ MARTÍN, F. (2000): *El Poblamiento paleolítico en los páramos del Duero*. Universidad de Valladolid, Valladolid.
- FERNÁNDEZ IBÁÑEZ, C., A. SEARA CARBALLO y F. FERNÁNDEZ PÉREZ (1996): «Achados paleolíticos da bisbarra de Valdeorras (Ourense).» *Larouco* 2: 15-32.
- FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, C. (1993): «Los Macromamíferos del Pleistoceno y Holoceno Inicial en el Noroeste Peninsular» en: *La evolución del paisaje en las Montañas del entorno de los Caminos Jacobeos*. A. Pérez Alberti, J. Guitián Rivera and E. Ramil Rego (Ed). Xunta de Galicia, Santiago de Compostela. 183-191.
- FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, C., P. RAMIL REGO y A. MARTÍNEZ CORTIZAS (1995): «Characterization and depositional evolution of hyaena (*Crocota crocuta*) coprolites from A Valiña Cave (NW Spain).» *Journal of Archaeological Science* 22: 597-607.
- FONTES, J. (1925): «La estación paleolítica de Camposancos.» *Boletín Arqueológico de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Orense*. VII(160): 241-254.
- GARRIDO RODRÍGUEZ, X. (1978): «Nueva estación paleolítica en Portavedra, Gondomar (Pontevedra).» *Museo de Pontevedra* XXXII: 49-74.

- LAPLACE, G. y A. SAENZ DE BURUAGA (2000): «Application de la Typologie Analytique et Structurale à l'étude de l'outillage moustéroïde de l'Abri Olha 2 à Cambo (Kambo) en Pays Basque.» *Paleo* 12: 261-324.
- LLANA RODRÍGUEZ, C. y M. J. SOTO BARREIRO, Eds. (1991): *Cova da Valiña (Castroverde, Lugo) : un xacemento do Paleolítico Superior Inicial en Galicia : (campañas de 1987 e 1988)*. Consellería de Cultura. Xunta de Galicia., Santiago de Compostela.
- LOMBERA HERMIDA, A. (2005): «Aplicación del Sistema Lógico Analítico al estudio de un yacimiento gallego. La industria lítica de A Piteira (Toén, Ourense).» *Gallaecia* 24: 7-33.
- LÓPEZ CORDEIRO, M. M. (1997): «Aproximación a la problemática del Paleolítico Inferior gallego: estudio de la cuenca media del Miño.» *Gallaecia* 17: 49-67.
- (2001): *Estudio de depósitos con industrias líticas del Paleolítico Inferior y Medio en la cuenca media del Miño (Ourense)*. Laboratorio de Arqueoloxía e Formas Culturais, IIT, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela.
- NOGUEIRA RÍOS, S. (1997): «Unha primeira aproximación o estudio dos materiais líticos de Cova Eirós (Triacastela-Lugo).» *Historia Nova* IV: 9-29.
- OLMO SANZ, A. (1985): «Estudio Geológico-sedimentario de las cuencas terciario-cuaternarias de Monforte de Lemos, Maceda y Quiroga.» *Cadernos Laboratorio Xeolóxico de Laxe* 10: 83-93.
- PÉREZ ALBERTI, A. (2002): «Análisis geomorfológico y evolución paleoclimática de Galicia durante el Terciario y el Cuaternario.» *SEMATA. Ciencias Sociales e Humanidades* 13: 11-66.
- RODRÍGUEZ GRACIA, V. (1976): «Notas sobre el yacimiento paleolítico de A Piteira, Toén (Ourense).» *Boletín Auriense* VI: 25-42.
- (1979): «Extracto de la carta arqueológica del paleolítico de la provincia de Orense» en: *XV Congreso Arqueológico Nacional. Lugo, 1977*(Ed), Zaragoza. 95-101.
- VÁZQUEZ VARELA, J. M. (1973): «Contribución al Estudio del Paleolítico Gallego: La comarca del río Arenteiro.» *Cuaderno de Estudios Gallegos* XXVIII: 13-22.
- VENCES VEIGA, B. y A. VAZQUEZ-MONXARDÍN FERNÁNDEZ (1978): «Novos xacementos paleolíticos da provincia de Ourense.» *Boletín Auriense* VIII: 301-313.
- VIDAL ENCINAS, J. M. (1981): «La industria lítica de la estación achelense de Portavedra, Gondomar (Pontevedra).» *El Museo de Pontevedra* XXXV: 55-85.
- (1982): «Las Gándaras de Budiño: Balance preliminar de dos campañas de excavaciones (1980-1981).» *El Museo de Pontevedra* XXXVI: 91-114.
- VILLAR QUINTEIRO, R. (1997): «El yacimiento paleolítico de A Piteira (Toén) Ourense.» *Boletín Auriense* XXVII: 9-25.
- (1998): «El yacimiento paleolítico de Pazos en San Ciprián de Viñas (Ourense).» *Boletín Auriense* XXVII: 9-25.
- (1999): «El yacimiento de A Chaira, San Cibrán de Lás (Ourense).» *Boletín Auriense* XXIX: 9-22.
- (2003): «Vintecinco anos do descubrimento de Chan do Cereixo (Portavedra, Gondomar): a doazón de Xaime Garrido ao Museo do Pobo Galego (Santiago).» *Revista de Estudos Miroñanos* 3: 5-21.
- (2004): «A propósito de las industrias líticas de la costa Luso-galaica: Algunas reflexiones para su interpretación.» *Zephyrus* 57: 55-88.